

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 21 DE MARZO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia.

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se determinan os órganos competentes e outras medidas para o control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada AC-164, puntos quilométricos 3+000 a 4+000, de clave: AC/17/142.06, no Concello de Bergondo.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria, por un importe total de cincocentos mil euros (500.000 €).

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

- Acordo polo que se autoriza a obra hidráulica de interese da Comunidade Autónoma prevista no anteproxecto de mellora do proceso de depuración da estación depuradora de augas residuais dos Praceres, Pontevedra, clave: OH.336.1163 e se autoriza a contratación da obra para a execución do citado anteproxecto, cun orzamento base de licitación de dezaseis millóns cincocentos cincuenta e sete mil setecentos cincuenta e un euros con cincuenta céntimos (16.557.751,50 €), e un valor estimado de trece millóns seiscentos oitenta e catro mil noventa e dous euros con quince céntimos (13.684.092,15 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80 %, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para eximir da constitución de garantías e incrementar as porcentaxes máximas de pagamentos anticipados das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, por un importe total de trescentos oitenta mil euros (380.000 €).

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre o Plan de financiamento empresarial de Galicia para o ano 2019.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Informe sobre contratos-programa nos centros educativos para o curso 2018/2019.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre as liñas básicas do Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2019 e sobre o cumprimento dos obxectivos fixados para o ano 2018.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a nova oficina virtual do medio rural de Galicia.

**A LEI DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL DE GALICIA BUSCA UNIVERSALIZAR O USO E O ACCESO DA CIDADANÍA AOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o envío ao Parlamento do proxecto de lei que busca acadar un marco normativo único para consolidar unha Administración integramente dixital, máis accesible e proactiva***
- ***Recolle a transformación das oficinas de rexistro, espazos de asesoramento e atención cidadanía para a xestión online***
- ***Créase a figura do funcionario habilitado, que poderá realizar trámites telemáticos en nome doutra persoa***
- ***Formula, por primeira vez, a creación dun marco galego de competencias dixitais para a cidadanía e un plan de capacitación dixital do empregado público***
- ***Regula a infraestrutura dixital da Administración autonómica e garante a seguridade, continuidade e dispoñibilidade dos servizos públicos***
- ***Incorpora a configuración dixital de procedementos e servizos para que teñan un funcionamento plenamente electrónico***

Consolidar unha Administración integramente dixital e universalizar o seu uso e acceso a toda a cidadanía son os obxectivos principais do Proxecto de Lei de Administración dixital de Galicia (LEDIXGA), que o Consello do Goberno galego aprobou hoxe na súa xuntanza semanal. Deste xeito, a norma inicia o seu trámite parlamentario, tras o período de exposición pública e ser aprobada na mesa de persoal da Xunta co voto unánime de todas as organizacións sindicais.

A lei estrutúrase en sete títulos e 129 artigos que adaptan á realidade do sector público autonómico as obrigas das leis estatais 39 e 40/2015. A LEDIXGA busca acadar un marco normativo único baseada en tres principios; só unha vez, evitando reclamar datos que xa constan en poder da Administración; a proactividade, empregar a información que a Administración ten do cidadán para prestar servizos personalizados e adiantarse ás súas necesidades, e a automatización dos procesos para conseguir unha xestión máis eficiente.

**Oficinas de atención á cidadanía e funcionario habilitado**

Entre as principais novidades da lei está a transformación das actuais oficinas de rexistro e atención á cidadanía en espazos de asesoramento e apoio nos cales prestará asistencia aos cidadáns na xestións en liña coa Administración, tanto na presentación de escritos, solicitudes e documentación como na tramitación da identificación dixital ou na formalización de apoderamentos de representación.

Nesta liña, o anteproxecto de lei tamén establece a posta en marcha da figura do funcionario habilitado, que posibilitará que unha persoa autorizada ou un funcionario poida realizar trámites telemáticos en nome doutra persoa. Con tal fin, a norma establece a creación do Rexistro electrónico xeral de apoderamentos.

**A sede electrónica e a carpeta do cidadá**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

A lei consolida a sede electrónica da Xunta como o punto de acceso único, sinxelo e accesible, na rede a calquera recurso ou servizo da Administración.

A lei dá especial relevancia a carpeta do cidadá, que na nova sede xa se configura como o espazo privado de cidadáns e de empresas, no cal poden xestionar en liña toda a información referente aos seus trámites administrativos e consultar o seu estado con todas as garantías de seguridade.

Ademais, na carpeta estará toda a información de carácter persoal e administrativo dispoñible na Administración pública de xeito ordenado e sinxelo: os datos persoais, os expedientes, os apoderamentos, as notificacións electrónicas e resolucións de actos administrativos.

Con base nesta información, a Administración poderá prestar servizos personalizados e proactivos, baseados no principio de “só unha vez”, é dicir, evitando reclamar a petición daquela documentación que xa consta na carpeta do cidadán.

**Capacitación dixital**

A norma define, por primeira vez, a creación dun marco galego de competencias dixitais, tomando como referencia o marco común da Comisión Europea nesta materia, para que os cidadáns poidan acreditar os seus coñecementos dixitais e mellorar as súas competencias profesionais. Ademais, promoverase a inclusión dixital con actuacións de formación en función do nivel (alfabetización, capacitación e innovación dixital), na que a Rede de Aulas CeMIT constituirá un instrumento de apoio importante.

Así mesmo, a lei recolle a definición dun Plan de capacitación dixital do empregado público dirixido a todas as persoas que traballan nas administracións públicas galegas e que permitirá acadar o certificado galego de competencias dixitais.

**Posto de traballo dixital**

Senta as bases para o desenvolvemento do posto de traballo dixital do empregado público, coa dotación de medios para a realización do desempeño no novo contexto dixital, acceso remoto ou teletraballo, mobilidade, que deberá permitir: o uso de escritorios e aplicacións corporativas en calquera dispositivo e lugar; o emprego de terminais ou dispositivos adaptados aos perfís dos empregados públicos, e posibilitar contornas de traballo colaborativas e a creación de redes de usuarios con actividades comúns.

**Regulación para o funcionamento dixital interno**

A lei regula o Arquivo Electrónico Administrativo como o elemento que albergará todos os expedientes do sector público autonómico en tramitación e os finalizados e a plataforma de interoperabilidade pasaXe! como o nodo para o intercambio de datos e documentos entre administracións públicas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Para facilitar esta comunicación, crearase un mapa de interoperabilidade das administracións públicas galegas, que permitirá avaliar a documentación máis demandados e priorizar a incorporación de novos servizos á pasaXe!

Entre as novidades que incorpora a lei está a configuración dixital de procedementos administrativos e servizos para que teñan un funcionamento plenamente electrónico e ofrecer aos cidadáns uns servizos homoxéneos, personalizados e fáciles de utilizar. As directrices, de obrigado cumprimento, recóllense nas guías para a habilitación electrónica de procedementos e servizos.

**Infraestrutura dixital**

Establece que o Centro de Proceso de Datos (CPDI) e a rede corporativa da Xunta constitúen infraestrutura dixital básica necesaria para dar soporte á Administración dixital, que deberán asegurar a prestación de todos os servizos dixitais a nivel de posto de traballo.

A Lei establece que a Xunta disporá dun Plan de continuidade dos servizos dixitais, que determinará os requisitos de seguridade, calidade e continuidade, as accións preventivas, correctivas e reactivas e o establecemento de responsabilidades que permitan garantir a dispoñibilidade dos servizos dixitais.

**Innovación dixital e coordinación entre administracións**

A lei prevé o fomento da innovación dixital para impulsar novas formas de prestar servizos e incrementar a satisfacción dos usuarios. Con este obxectivo crearase un foro de innovación dixital no cal poderán participar empregados das administracións públicas de Galicia para promover a xeración de ideas e novas solucións ou formas de traballo que permitan unha mellora continua do sector público.

**Avaliación e seguimento**

Para facilitar o seguimento dos avances na dixitalización e o seu impacto tanto no funcionamento interno como na relación cos cidadáns a norma recolle a creación dun sistema de indicadores da Administración dixital. A análise da información que proporcione o sistema, xa en marcha, permitirá introducir melloras na implantación dos servizos.

Ademais, aposta pola potenciación do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización Tecnolóxica de Galicia como órgano asesor dixital para a extensión da modernización tecnolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **A XUNTA REGULA NUN DECRETO OS ÓRGANOS COMPETENTES EN GALICIA EN CASO DE ACCIDENTES GRAVES CON SUBSTANCIAS PERIGOSAS**

- ***Este novo texto é necesario para aplicar en Galicia as últimas modificacións recollidas na normativa estatal e substitúe á regulación anterior***
- ***O obxectivo é garantir un alto nivel de protección para as persoas, os bens e o ambiente***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se determinan os órganos competentes e outras medidas para o control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, un novo texto legal necesario para poder aplicar en Galicia as últimas modificacións recollidas na normativa estatal. O obxectivo é garantir un alto nivel de protección para as persoas, os bens e o ambiente.

Este novo texto substitúe a normativa anterior que regulaba en Galicia estes supostos, o Decreto 277/2000. Foi preciso actualizar esta normativa coas novidades recollidas no Real decreto 840/2015, polo que se aproban as medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas; así como na Lei 17/2015 do Sistema nacional de protección civil.

A función principal do decreto que se aproba hoxe é designar os órganos que exercerán en Galicia as funcións que o Real decreto 840/2015 asigna ás comunidades autónomas.

Así, determínase que o Consello da Xunta será o encargado de aprobar os plans de emerxencia exterior das infraestruturas industriais que traballan con substancias perigosas, plans que tamén deben ser informados pola Comisión Galega de Protección Civil. Este último organismo encargárase tamén de homologar os plans de actuación municipal e coordinar en xeral a aplicación do Real decreto 840/2015.

Pola súa banda, a Consellería de Economía, Emprego e Industria mantén as funcións de inspección dos establecementos industriais afectados polo real decreto, así como é tamén a encargada de avaliar a documentación que os industriais deben elaborar, presentar e implantar.

A Vicepresidencia da Xunta, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, continúa ocupándose de elaborar os plans de emerxencia exterior, dirixilos e informar en caso de accidente. Ademais, incorporase como novidade o requisito de poñer á disposición da poboación en formato electrónico toda a información necesaria sobre os riscos que derivan destes establecementos industriais e as medidas de autoprotección que se van adoptar, algo que xa se viña facendo na práctica.

Ademais, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, como competente en calidade e avaliación ambiental, velará por que se integren estes riscos na planificación territorial.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

O decreto inclúe como novidade a inclusión da Consellería do Mar, competente en loita contra a contaminación do medio mariño, xa que, en caso de accidente grave con afectación á zona costeira ou marítima, deberán activar o Plan de continxencias por contaminación mariña accidental. No decreto anterior non estaba regulado este suposto.

Por último, o texto detalla tamén as competencias locais, que xa viñan recollidas na normativa anterior como colaborar na elaboración dos plans de emerxencia exterior, elaborar e tramitar o Plan de actuación municipal, aplicar os requisitos de control de usos do solo e informar á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dos accidentes graves que se produzan no seu territorio.

Do mesmo xeito, regúlanse as obrigas para os industriais, que é a parte que máis cambios concentra debido á adaptación á normativa estatal. Terán obriga de remitir a documentación necesaria, na cal se incluírá información suficiente para identificar as substancias perigosas e a política de prevención de accidentes graves en formato electrónico; informar de accidentes nas súas instalacións; presentar unha análise cuantitativa de riscos sempre que sexa requirido; e informar a poboación do contorno e asumir o custo dos sistemas de aviso vinculados ao plan de emerxencia exterior, se for o caso.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA AS OBRAS DE ELIMINACIÓN DUN TREITO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NO CONCELLO DE BERGONDO CUN INVESTIMENTO DE CASE 380.000 EUROS

- *O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 14 predios necesarios para as actuacións previstas entre o cruzamento coa vía local a San Cidre e a glorieta dos Condes*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará en próximas datas estas obras na estrada autonómica AC-164*
- *Executarase unha glorieta na intersección do coa estrada local a San Cidre para mellorar a seguridade viaria nos xiros e cambios de sentido e para calmar o tráfico na zona*
- *Reformaranse máis interseccións, con execucións de cuñas de cambio de velocidade para facilitar as saídas da estrada ou as incorporacións a ela e limitaranse os xiros á esquerda, que deberán realizarse na nova glorieta*
- *O proxecto recolle a mellora do paso de peóns no acceso á Casa do Concello mediante o reforzo de sinais luminosos e a execución de orellas nas beirarrúas para impedir o aparcamento nos 10 metros anteriores e facilitar a súa visibilidade*
- *A actuación está enmarcada na estratexia da Xunta para ter eliminados en 2020 os treitos de concentración de accidentes das estradas autonómicas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para as obras de mellora da seguridade viaria na estrada AC-164, no Concello de Bergondo.

O Decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 14 predios necesarios para a mellora da seguridade viaria nesta estrada, entre o cruzamento coa vía local a San Cidre e a glorieta dos Condes.

Esta intervención conta cun orzamento de preto de 350.000 euros que serán achegados polo Goberno galego. A este investimento deberán sumarse os case 29.000 euros nos que están estimadas as expropiacións.

O proxecto está enmarcado na estratexia da Xunta para ter eliminados en 2020 todos os treitos de concentración de accidentes das estradas de titularidade autonómica.

As actuacións previstas desenvolveranse no tramo comprendido entre o p.q. 3+000, na intersección coa estrada local a San Cidre, e o p.q. 4+000, na glorieta dos Condes.


A principal actuación proxectada é a execución dunha glorieta na intersección do p.q. 3 coa estrada a San Cidre. Os seus obxectivos son habilitar un punto en que realizar xiros e cambios de sentido con seguridade, e calmar o tráfico no tramo de actuación.

Tamén se levará a cabo a reforma de interseccións, con actuacións coma a execución de cuñas de cambio de velocidade para facilitar as saídas da estrada ou ás incorporacións a ela; ademais limitaranse os xiros á esquerda, que deberán realizarse na nova glorieta.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
**Consello da Xunta**

Ademais, o proxecto recolle a mellora do paso de peóns existente no acceso á Casa do Concello mediante o reforzo de sinais luminosos de paso de peóns e a execución de orellas nas beirarrúas para impedir de xeito efectivo o aparcamento nos 10 metros anteriores e facilitar así a súa visibilidade. Tamén se limitará a velocidade no treito.



## **O CONSELLO APROBA A ORDE DE CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CIDADÁ A EXECUTAR POLAS ONGD PARA O DESENVOLVEMENTO**

- ***Trátase de potenciar accións de sensibilización e concienciación da sociedade galega sobre as realidades dos países empobrecidos e as causas da pobreza***
- ***Contan cun orzamento de 500.000 euros e as entidades, no caso de agrupación de entidades, poderán beneficiarse dunha subvención máxima de 45.000 €***

O Consello aprobou hoxe a orde de convocatoria de subvencións para proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, como vén realizándose anualmente, de forma ininterrompida, desde o ano 1996. O obxecto desta orde é establecer o marco normativo que regulará a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD).

Ao abeiro desta orde poderanse financiar actividades desenvolvidas dentro das catro dimensións que forman parte da educación para o desenvolvemento: sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento; investigación sobre o desenvolvemento; ou por último, incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

As entidades poderán beneficiarse dunha subvención de 35.000 € no caso de que executen proxectos plurianuais de xeito individual. Para proxectos individuais que se executen só durante o ano 2019 a subvención máxima concedida será de 25.000 €. No caso de proxectos plurianuais presentados por varias entidades en agrupación, a subvención concedida poderá acadar os 45.000 €, mentres que se son anuais a subvención máxima concedida será de 35.000 €. A dotación desta convocatoria increméntase nun 11,11% respecto á do ano 2018 e terá un período de execución de dous anos: 2019 e 2020.

A educación para o desenvolvemento é un valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar desde a cooperación galega, tendo en conta, ademais, que a meirande parte das ONGD galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO SISTEMA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DOS PRACERES, EN PONTEVEDRA, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 16,5 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta reforma tecnolóxica permitirá mellorar substancialmente a curto prazo a depuración das augas residuais dos concellos de Pontevedra, Marín, Poio e Vilaboa co obxectivo de cumprir os límites de vertedura marcados pola normativa europea*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará en vindeiras datas as obras, que teñen un prazo de 3 meses para a redacción do proxecto e 12 para a súa execución, ademais dun período adicional de posta en marcha doutros 12 meses*
- *A intervención recolle a remodelación do tratamento secundario existente para garantir a axeitada depuración de ata 900 l/s de auga residual*
- *Esta actuación completárase coa construción dun novo emisario submarino, cuxa construción se prevé iniciar tamén este ano, dando cumprimento aos compromisos adquiridos coa UE*
- *A reforma da depuradora e a construción do novo emisario submarino forman parte do Plan de saneamento local elaborado tras unha exhaustiva análise do actual sistema que foi dialogado cos concellos e os mariscadores da ría*
- *Ese plan inclúe a necesidade de acometer outras actuacións, entre elas a mellora das redes de saneamento municipais polas que se producen infiltracións indebidas*
- *Esta actuación hidráulica da Xunta está cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020*
- *O saneamento da ría de Pontevedra é unha actuación imprescindible para garantir a recuperación ambiental das augas, a produtividade marisqueira e a actividade turística*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras de mellora do proceso de depuración da estación depuradora de augas residuais (EDAR) dos Praceres, no Concello de Pontevedra, cun orzamento superior aos 16,5 millóns de euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará en vindeiras datas este contrato, que prevé un prazo de 3 meses para a redacción do proxecto e de 12 meses para a súa execución, ademais doutros 12 meses adicionais para a posta en marcha dos novos tratamentos.

O saneamento da ría de Pontevedra é unha das grandes prioridades actuais do Goberno galego en materia hidráulica, onde resulta imprescindible actuar para garantir tanto a recuperación ambiental das augas, a produtividade marisqueira e a actividade turística. Esta actuación hidráulica da Xunta está cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Esta reforma tecnolóxica permitirá mellorar substancialmente a curto prazo a depuración das augas residuais dos concellos de Marín, Poio, Pontevedra e Vilaboia, co obxectivo de cumprir os límites de vertedura marcados pola Directiva 91/271/CEE.

A intervención, desde o punto de vista técnico, recolle a remodelación do tratamento secundario existente, co fin de garantir a correcta depuración de ata 900 l/s de auga residual. A solución proxectada consistirá na modificación do reactor biolóxico existente para dispoñer dun tratamento de leito móbil e unha posterior clarificación das augas mediante un proceso físico-químico con lastrado por microarea.

Adicionalmente, ampliarase a liña de lodo para ter en conta as novas achegas e realizaranse unha serie de actuacións previas para manter o funcionamento da depuradora durante as obras.

Os traballos poden subdividirse en 5 categorías: as actuacións previas, a conversión dos reactores biolóxicos a leito móbil, a implantación dunha etapa de clarificación das augas depuradas, a reforma do edificio de control, e a da liña de tratamento de lodos secundarios.

As accións previas, que permitirán manter o servizo de depuración durante as obras, centraranse no desvío do regato actualmente canalizado, na modificación da liña eléctrica, na instalación dun novo facho para o tratamento de lodos e na retirada de todos os equipamentos de desodorización existentes, entre outros traballos.

As actuacións nos reactores biolóxicos consistirán nas modificacións e ampliacións da obra para crear unha configuración final de tratamento. Para isto, compartimentarase cada reactor en tres cámaras con dúas liñas de muros divisores, ademais de ser necesario realizar dous tanques anexos previos. Tamén se construíra unha canle de entrada que recibirá as augas pretratadas.

Tamén se ampliará o edificio de fangos, creando unha nova sala para a súa deshidratación na parte traseira do edificio existente. A nova sala presentará unha superficie aproximada de 310 m<sup>2</sup> e nesta aloxaranse os equipamentos necesarios para o tratamento de lodos.

Esta actuación completárase coa construción dun novo emisario submarino, cuxa execución se prevé iniciar tamén este ano, dando cumprimento aos compromisos adquiridos coa UE.

A reforma da depuradora e a construción do novo emisario submarino forman parte do Plan de saneamento local elaborado tras unha exhaustiva análise do actual sistema que foi dialogado cos concellos e os mariscadores da ría.

Ese plan inclúe a necesidade de acometer outras actuacións, entre elas a mellora das redes de saneamento municipais polas que se producen infiltracións indebidas.

**A XUNTA IMPULSA A CONTRATACIÓN DE MEDIO CENTENAR DE PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria aprobou hoxe no Consello da Xunta a liña de apoios destinada ás empresas de inserción laboral de Galicia, que conta cun orzamento de 380.000 €***
- ***O obxectivo é que a contratación se realice a través das 10 compañías desta tipoloxía que existen na Comunidade galega***
- ***Apóíase o mantemento do custo salarial dos traballadores e os custos para o inicio de actividade, a formación ou transformación de contratos en indefinidos***
- ***A Xunta aposta polo emprego inclusivo a través da Axenda 20 destinando a este eido máis de 15 M€ este ano, un incremento do 17,5 % con respecto a 2018***

O Consello da Xunta, na súa aposta polo emprego inclusivo, aprobou hoxe a liña de axudas destinada á contratación de persoas en situación ou en risco de exclusión social en empresas de inserción laboral. A Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá nesta actuación 380.000 euros co obxectivo de impulsar o emprego nas 10 compañías desta tipoloxía que existen en Galicia a través da contratación de 56 persoas. No exercicio anterior contratáronse a través desta actuación a 52 persoas en nove firmas. Esta iniciativa forma parte da Axenda 20, a través da cal se destina este ano ao emprego inclusivo máis de 15,1 millóns de euros, un incremento do 17,5% con respecto a 2018.

Estes apoios, polo tanto, van dirixidos ás empresas de inserción laboral para a contratación de persoas perceptoras da Risga e persoas cualificadas polos servizos sociais en situación de risco de exclusión social. Para optar a estas axudas, cada empresa de inserción laboral deberá ter, como mínimo, un 30% dos seus postos de traballo ocupados por persoas en situación de exclusión e as persoas en proceso de inserción laboral poderán estar contratadas un máximo de 3 anos. Non se apoiarán contratacións inferiores a 6 meses nin xornadas laborais inferiores ao 50 %.

As empresas de inserción laboral son aquelas que, entre outros requisitos, proporcionan aos seus traballadores medidas personalizadas de apoio, os seus cadros de persoal están formados nun 30 % como mínimo por persoas en risco ou situación de exclusión social e aplican o 100 % dos seus resultados á mellora ou ampliación das estruturas produtivas vinculadas á inserción laboral dos seus traballadores ou a programas de inserción laboral das súas entidades promotoras, ás cales tamén van dirixidas estas axudas. En concreto, as entidades promotoras son aquelas corporacións de dereito público, entidades sen ánimo de lucro ou fundacións que inclúen a inserción social das persoas en risco de exclusión entre os seus fins e promoven a constitución de empresas de inserción laboral.

O programa da Xunta inclúe como novidade este ano o incremento nun 10 % dos pagamentos anticipados, que acadarán ata o 90 % da axuda concedida. A iniciativa inclúe dúas liñas: axudas para o mantemento do custo salarial dos traballadores e, doutra banda, incentivos para compensar os custos adicionais do emprego, como por exemplo, os gastos

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

derivados do proceso de creación das empresas ou de formación dos empregados, entre outros.

No primeiro caso, a Administración autonómica financia os custos salariais cunha contía equivalente ao 100 % do salario mínimo interprofesional mensual (incluídas dúas pagas extras) por cada traballador contratado. O período dos contratos que se financian é entre o 1 de outubro de 2018 ao 30 de setembro de 2019.

A segunda liña de axudas conta con sete tipos de apoios diferentes. Así, incentívase a asistencia técnica para a creación, mellora e diversificación das empresas de inserción laboral, o inicio e posta en marcha da actividade e a creación e ampliación de novos postos de traballo para persoas en proceso de inserción laboral, sempre que os novos contratos estean relacionados coas actividades desenvolvidas pola empresa de inserción.

Así mesmo, a Consellería de Economía, Emprego e Industria financia a contratación de xerentes ou persoas técnicas de produción; a contratación de persoas técnicas en orientación e acompañamento á inserción; a formación das persoas en proceso de inserción laboral, e a transformación de contratos en indefinidos. Neste último caso, apoiarase con 6000 euros a contratación de persoas en proceso de inserción laboral nunha empresa ou a transformación dun contrato en indefinido na mesma compañía de inserción laboral. Esta contía tamén se concederá para aquelas persoas que se convertan en autónomos ou se incorporen como socios traballadores a unha sociedade cooperativa ou laboral.

**Galicia Emprega**

Estas axudas dan continuidade ao programa Galicia Emprega, do cal se informou a semana pasada no Consello da Xunta e co que se apoiará a formación e contratación de 1100 persoas, entre as que destacan 180 posibles beneficiarias con capacidades diferentes ou en risco de exclusión social.

Emprega persoas con capacidades diferentes ou en risco de exclusión social inclúe incentivos de 8000 euros para a contratación inicial deste colectivo durante 12 meses a xornada completa, que poden alcanzar os 16.000 euros para os contratos indefinidos. O orzamento ascende a máis de 2 millóns de euros.

## **O PLAN DE FINANCIAMENTO DA XUNTA APOIARÁ ESTE ANO 800 PROXECTOS DE EMPREENDEDORES E PEMES QUE INVESTIRÁN 290M€ EN GALICIA**

- ***Mellorarase a atención ás necesidades financeiras para a creación e o crecemento das pemes e microempresas no ámbito da Industria 4.0 e a súa aposta pola innovación***
- ***Por primeira vez inclúense préstamos específicos para o sector turístico e para proxectos estratéxicos que garantan un investimento mínimo de 1,5 millóns de euros***
- ***O apoio financeiro da Administración galega ao tecido empresarial da Comunidade leva permitido desde 2014 a mobilización de 1180 millóns de euros e o impulso de máis de 10.500 proxectos, unha media de 6,6 ao día***
- ***Do total do financiamento achegado neste período, nove de cada dez euros corresponden a iniciativas de autónomos e pequenas e medianas empresas***

A Xunta activou o Plan de financiamento empresarial de Galicia para 2019, co que se facilitará financiamento a 800 proxectos de emprendedores, microempresas e pemes grazas a un orzamento de 100 millóns de euros. Con esta achega, a Consellería de Economía, Emprego e Industria prevé mobilizar máis de 290 millóns de euros a través de instrumentos financeiros que contribúen á creación de empresas, ao crecemento das pequenas e medianas compañías no ámbito da Industria 4.0 e ao apoio ás actividades de innovación.

Impulsado a través do Igape e XesGalicia e coa colaboración de entidades como o Banco Europeo de Investimentos (BEI); o Instituto de Crédito Oficial (ICO); as sociedades de garantía recíproca Afigal e Sogarpo; e a Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación (Cesce), o programa enmárcase na Axenda Industria 4.0 e presta especial atención aos emprendedores, pequenas e medianas compañías e microempresas co obxectivo fundamental de facilitar o acceso ao crédito e lograr un efecto multiplicador dos fondos públicos, de feito, a previsión é multiplicar por tres o investimento final.

Entre as novidades que inclúe o plan, destaca o novo programa de préstamos para o financiamento de proxectos estratéxicos, destinado a iniciativas de entre 1,5 e 10 millóns de euros. Dotada cun orzamento de 16,5 millóns de euros, a través desta nova liña prevese apoiar 20 proxectos que mobilizarán 33 millóns.

Ademais, dentro das axudas facilitadas polos instrumentos financeiros innovadores (IFI), incorpórase unha nova liña de préstamos destinada ao sector turístico (IFI Tur), que complementa as xa activas IFI Industria 4.0, IFI Emprime e IFI Innova, e que está destinada a proxectos de pemes que realicen un investimento de ata 1,6 millóns de euros. Así, o conxunto dos préstamos IFI apoiará durante este ano 40 iniciativas que mobilizarán 50 millóns de euros, mediante unha dotación orzamentaria de 27,1 millóns de euros.

Por outra banda, a liña de avais que ten como beneficiarias as pequenas e medianas empresas presenta como novidade para esta convocatoria a ampliación do límite da operación financeira, dos 500.000 euros ata un millón de euros. Mediante a colaboración da Xunta e as entidades de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

crédito e sociedades de garantía recíproca galegas (SGR), e cun orzamento de 5,5 millóns de euros para 2019, este programa de axudas prevé apoiar 210 proxectos que mobilizarán 40 millóns.

A partir da resposta coordinada ás necesidades financeiras reais do tecido empresarial galego, o Plan de financiamento reforzará os fondos propios e a solvencia dos autónomos e as empresas, financiando ata o 60 % do investimento total dos proxectos.

A través do plan, a Xunta trata de que Galicia conte con novas empresas, de maior tamaño e máis innovadoras. Para iso, inclúe tamén nesta iniciativa programas como o Galicia Investe, Galicia Emprende, Galicia Rural Emprende, as axudas á dixitalización e o impulso a proxectos 4.0, así como o programa estatal de incentivos rexionais.

Ademais, os proxectos poden acceder ao financiamento de XesGalicia, que conta cos fondos de Sodiga para incrementar o tamaño dos proxectos; Galicia Compite, para impulsar a internacionalización e a modernización; Innova Tech, para a incorporación de novas tecnoloxías; e Iniciativas Emprendedoras, para impulsar o ecosistema de emprendemento. Con eles prevese este ano apoiar un total de 50 proxectos.

**Preto de 11.000 beneficiarios desde 2014**

Desde a posta en marcha en xuño de 2014 deste paquete integral de apoios, o Goberno galego facilitou o acceso ao financiamento a 10.876 empresas e autónomos, o que supón unha media diaria de 6,6, e impulsa así, a mobilización de 1180 millóns de euros en catro anos e medio, é dicir, máis de 260 millóns ao ano.

As diferentes liñas de axudas chegaron a todo tipo de empresas, pero de xeito maioritario a autónomos e pemes, que mobilizaron máis de 1000 millóns de euros, un 93 % do total. Cómpre salientar tamén que 9 de cada 10 euros do financiamento achegado permitiron o desenvolvemento de proxectos de autónomos e pemes.

Por outra parte, o 93 % dos apoios estiveron dedicados a investimentos para o desenvolvemento de 7200 proxectos empresariais, que mobilizaron máis de 970 millóns de euros, o que supón un 83 % do total mobilizado. O resto dos apoios destinouse a reforzar o capital circulante, que facilitarán así a mobilización de máis de 200 millóns de euros, o 17 % do total.



**OS CENTROS CON CONTRATOS-PROGRAMA DE MELLORA EDUCATIVA MULTIPLÍCANSE POR CATRO EN OITO ANOS DE FUNCIONAMENTO**

- *A través desta iniciativa de innovación educativa a consellería presta apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, desenvolvan plans de mellora en función das necesidades detectadas co fin de acadar o éxito escolar*
- *O programa púxose en marcha de xeito experimental no curso 2011/12 e a día de hoxe beneficia a un total de 352.000 alumnos e alumnas*
- *Educación destina este ano preto de seis millóns de euros para sufragar o profesorado e o transporte escolar das liñas de reforzo educativo fóra do horario lectivo*
- *Neste curso contratáronse 295 docentes externos adicionais de apoio ás liñas 1 (de reforzo, orientación e apoio), e a 7 (de reforzo das competencias clave en 3º e 4º de ESO e FP Básica)*

Logo de oito anos de funcionamento, os contratos-programa de mellora educativa impulsados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional están acadando un crecemento exponencial tanto en número de centros como de alumnos beneficiados, segundo se reflicte nun informe do que se deu conta no Consello da Xunta de hoxe.

Os contratos-programa puxéronse en marcha por primeira vez con carácter experimental no curso 2011/12 como unha acción de innovación educativa, de mellora da calidade do ensino e de loita contra o abandono escolar temperá onde o eixe principal son os propios centros escolares. Isto é, a través desta iniciativa, a Consellería de Educación préstalles apoio aos colexios e institutos que o soliciten para que, dentro da súa autonomía, desenvolvan plans de mellora en función das necesidades detectadas co fin de acadar o éxito escolar.

No presente curso escolar hai un total de 572 centros escolares acollidos aos contratos-programa (o que supón multiplicar por catro os 144 que había no curso 2011/12), e chegan a case 352.000 alumnos e alumnas (o primeiro curso de funcionamento foron 11.600) de primaria, secundaria, ESO, bacharelato e formación profesional.

Para sufragar a posta en marcha das sete liñas específicas que hai de contratos-programa, a Consellería de Educación destinou este ano preto de seis millóns de euros para sufragar o transporte escolar e o custo do profesorado para aquelas accións que se desenvolven á marxe do horario lectivo.

Así mesmo, ademais dos docentes que realizan tarefas de apoio dos contratos-programa, hai que engadir outros 295 docentes externos contratados ex profeso de xeito adicional para o desenvolvemento das liñas 1 (reforzo, orientación e apoio, coñecida como PROA) e da liña 7 (reforzo das competencias clave en 3º e 4º de ESO e FP Básica), esta última de nova implantación o pasado curso.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

A finalidade última desta iniciativa é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado desenvolvendo o máximo posible as súas potencialidades a través de plans específicos deseñados polos equipos de cada centro de ensino.

Así, a través de sete liñas de traballo concretas ás que poden acollerse os centros en cada convocatoria anual, incídese en ámbitos de actuación como a identificación de dificultades de aprendizaxe e articulación de respostas axeitadas, o fomento dun bo clima na aula e no centro que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe, a atención educativa aos colectivos vulnerables, a adquisición de competencias clave, o fomento da igualdade e a coeducación, a participación das familias ou a mellora da xestión dos centros, entre outros.

Os destinatarios dos contratos-programa son colexios rurais agrupados (CRA), as escolas de educación infantil (EEI), os centros de educación infantil e primaria (CEIP), os centros de educación primaria (CEP), os centros de educación especial (CEE), os institutos de educación secundaria (IES), os centros públicos integrados (CPI), os centros integrados de formación profesional (CIFP) e os centros públicos de educación e promoción de adultos (EPAPU).

**Liñas de actuación**

A finalidade última desta iniciativa é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado desenvolvendo o máximo posible as súas potencialidades a través de plans específicos deseñados polos equipos de cada centro de ensino.

A primeira liña, de reforzo, orientación e apoio (PROA), busca mellorar as perspectivas escolares do alumnado con dificultades, a través do traballo ou apoio organizado para a adquisición das destrezas básicas que lle faciliten a incorporación plena ao ritmo de traballo ordinario e ás exixencias das diferentes áreas e materias.

Pola súa banda, a liña 2 céntrase nas accións para a mellora das competencias clave, en especial da matemática. O desenvolvemento desta actuación incluírá sempre o reforzo desta competencia, e poderá incluír tamén actuacións para a mellora da comunicación lingüística e/ou competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A liña 3, de mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros, inclúe todas aquelas accións que repercutan e interveñan na mellora do clima escolar e das relacións entre os membros da comunidade educativa, mentres que a liña 4 se centra na prevención do abandono educativo temperán e do absentismo escolar.

A quinta liña está orientada a mellorar o nivel de coñecementos do alumnado para acadar a excelencia. Trátase dunha medida de atención á diversidade en que se desenvolverán iniciativas de afondamento nos coñecementos do alumnado. Pola súa banda, a sexta liña está conformada por un conxunto de medidas ou actividades destinadas a mellorar a xestión dos centros educativos a partir da reflexión e a toma de decisións baseadas na avaliación dos procedementos que se desenvolven neles.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Finalmente, a sétima liña de actuación ten por obxectivo o reforzo de competencias clave en 3º e 4º de ESO e FP básica como modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo. O desenvolvemento desta actuación supón a creación de grupos de reforzo da competencia matemática, da competencia en comunicación lingüística e/ou das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e de xeito prioritario a competencia matemática.

## **A XUNTA INCREMENTARÁ UN 7% AS INSPECCIÓN EN CENTROS DE SERVICIOS SOCIAIS GALEGOS PARA GARANTIR UNHA ATENCIÓN DE CALIDADE**

- ***O obxectivo é realizar 1356 inspeccións en todas as áreas, sexa cal sexa a titularidade do centro e os usuarios que atendan***
- ***Entre xuño e setembro faranse campañas específicas de inspección nas residencias de maiores co obxectivo de verificar que se cumpre a ocupación máxima dos centros e as ratios de persoal na época estival***

O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe de que prevé incrementar un 7% as inspeccións que se realizarán durante este ano dentro do Plan de Inspección de Servizos Sociais de Galicia 2019. Este aumento suporá acadar as 1356 inspeccións en todas as áreas co fin de garantir unha atención de calidade en todos os centros de Galicia, sexa cal sexa a súa titularidade e se os seus usuarios son nenas e nenos, persoas dependentes ou calquera outro cidadán.

Desta maneira, prevese que en materia de familia e menores se realicen 524 inspeccións, orientadas a revisar o 100% dos centros de menores e o 44% dos centros de atención á infancia, verificar a correcta posta en marcha das casas niño e a inspeccionar o 100% das entidades que xestionan adopcións internacionais e dos Puntos de Encontro Familiar.

En materia de maiores, discapacidade e dependencia, faranse 395 inspeccións, coa finalidade de revisar a terceira parte de todos os centros de maiores e discapacidade de Galicia, priorizando os centros residenciais; e atender as visitas necesarias para poñer en marcha centros novos e derivadas da tramitación de queixas.

Na área de inclusión e servizos comunitarios, contéplase facer 437 inspeccións, con tres metas marcadas: revisar o 57% dos centros de inclusión e o 100% dos centros de igualdade; inspeccionar o 55% das empresas que prestan o Servizo de Axuda no Fogar, ademais de 100 visitas domiciliarias e 100 visitas aos servizos comunitarios dos concellos; e comprobar 50 expedientes da Risga e das Axudas de Inclusión Social.

A maiores de todo isto, o Plan de inspección de servizos sociais 2019 introduce unha importante novidade: Entre xuño e setembro faranse campañas específicas de inspección nas residencias de maiores de Galicia co obxectivo de verificar que se cumpre a ocupación máxima dos centros e as ratios de persoal na época estival.

Así mesmo, o Consello da Xunta tamén coñeceu o balance do plan realizado o pasado ano que se cumpriu nun 87%, unha porcentaxe elevada que dá conta do bo facer do persoal público que exerce esta función.

## **A XUNTA PORÁ EN MARCHA MAÑÁ A OFICINA VIRTUAL DE MEDIO RURAL PARA FACILITAR Á CIDADANÍA TODOS OS TRÁMITES RELACIONADOS CO AGRO GALEGO**

- ***O obxectivo desta plataforma é o de simplificar a relación da cidadanía e das empresas coa Administración no ámbito do medio rural, mediante a prestación de servizos en liña de acceso único***

A Xunta de Galicia crea a oficina virtual de medio rural para facilitar á cidadanía todos os trámites relacionados co agro galego. Trátase dun novo portal web, presentado hoxe no Consello da Xunta, que dá acceso único aos distintos servizos e contidos informativos da Consellería do Medio Rural e que ata o de agora estaban dispersos en diferentes epígrafes da actual páxina web da consellería. Está previsto que o portal estea operativo e aberto ao público en xeral mañá venres.

Deste xeito, coa nova plataforma creada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Medio Rural, lógrase unha optimización e maior funcionalidade, que permitirá realizar numerosos trámites relativos a diferentes sectores agroforestais e incorporar tamén información útil para o cidadán sobre o agro galego.

Así, a través desta plataforma dixital, o usuario poderá acceder á sede electrónica da Xunta e a outras oficinas virtuais como son a de gandaría, a de sanidade vexetal e a do rexistro vitícola. Deste xeito, tamén se incorpora a posibilidade de poder seguir realizando trámites que precisan identificación para acceder aos distintos rexistros oficiais, como son o de produtos fitosanitarios, o de terreos forestais de pastoreo e o de maquinaria agrícola, entre outros.

Na nova oficina virtual, os usuarios tamén terán á súa disposición información das actividades formativas que realizan os distintos departamentos e unidades da Consellería do Medio Rural. Entre elas destacan os ciclos de grao medio e superior, así como a formación continua en materia agroforestal. Tamén está presente a información relativa á obtención de carnés fitosanitarios e distintas xornadas e talleres relacionados co agro e co sector forestal.

Doutra banda, entre os trámites que permite esta aplicación están tamén o da comunicación de queimas, a inscrición no control leiteiro e letra Q, así como a participación nas distintas feiras agrarias e alimentarias como empresa coexpositora nos postos institucionais da Consellería do Medio Rural.

Ademais, a oficina virtual incorpora publicacións electrónicas periódicas relacionadas co ámbito do medio rural e que son de interese para os cidadáns, tales como os avisos fitosanitarios. Así mesmo, tamén se pode consultar información útil sobre distintos eidos, tales como a situación actual en canto ás reestruturacións parcelarias e aos montes veciñais en man común. O proxecto está adaptado para o acceso desde os dispositivos móbiles, o



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

que permitirá o seu emprego desde calquera punto, tan só con ter unha conexión da internet ou rede de datos.

De xeito complementario a este proxecto, e dentro do Plan de modernización de presenza na Internet, ambas as entidades están agora a traballar na mellora tecnolóxica e funcional do portal da Consellería do Medio Rural.